

A LINGUAXE LITERARIA

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. A literatura arte da palabra
2. A linguaxe discursiva e a linguaxe literaria
3. Características da linguaxe literaria
4. Formas da linguaxe literaria: prosa e verso
5. Principais recursos estilísticos
 - 5.1. Recursos de carácter lóxico
 - 5.2. Recursos de carácter fónico
 - 5.3. Recursos de carácter gramatical
 - 5.4. Recursos de carácter semántico
- 6 Versificación
 - 6.1. Métrica: medida dos versos
 - 6.2. A rima
 - 6.3. A estrofa
7. Os xéneros literarios
 - 7.1. A lírica
 - 7.2. A épica-narrativa
 - 7.3. O teatro
 - 7.4. O ensaio

1. A literatura, arte da palabra

A música sèrvese dos sons e a pintura sèrvese da liña e da cor; a literatura, en cambio, sèrvese da palabra como principal medio de expresión. Xa que logo, podemos definir a literatura como **a arte da palabra**.

Agora ben, a palabra non é soamente a base da literatura, senón que é, ante todo, a base de comunicacións de carácter non literario. Daquela, como poderemos saber cando a palabra se converte en literatura? Que é o que permite distinguir entre o literario e o non literario?

2. Linguaxe discursiva e linguaxe literaria



Na fala cotiá ou nas comunicacións de carácter científico, administrativo ou comercial, por exemplo, predomina a finalidade práctica: trátase de transmitir uns contidos e a forma non interesa máis ca na medida en que reflicte con exactitude e corrección eses contidos. O emisor ten, na maioría destes casos, unha intención informativa ou persuasiva e emprega unha linguaxe que chamamos linguaxe discursiva.

Polo contrario, nunha cantiga, nun corto, nun poema, nunha novela ou nunha obra teatral, predomina unha finalidade estética: a forma interesa tanto ou máis cós contidos que se pretende transmitir. O emisor guíase nestes casos por unha intención estética - crear beleza mediante o uso da lingua- e emprega unha linguaxe que chamamos linguaxe literaria.

Comparemos dúas descrições sobre un mesmo obxecto: a cidade de Aviñón. A primeira está realizada nunha linguaxe discursiva, e nela predomina unha actitude informativa; a segunda está composta nunha linguaxe literaria, e nela predomina unha función estética:

- Aviñón, segundo un dicionario enciclopédico:

Cidade de Francia, capital do departamento de Vaucluse, no SE do país, á beira do Ródano. Alberga industrias químicas, metálicas, papeleiras e alimentarias. Foi residencia dos papas entre os anos 1309 e 1378, durante o chamado desterro de Aviñón e o cisma de Occidente. Conserva as murallas medievais, a catedral e o palacio papal.

- Aviñón, segundo Álvaro Cunqueiro:

Cidade dos Papas, na Francia. É famosa pola súa ponte. Alí bébese o viño que chaman Chateaufort-du-Pape; bebelo en outono é como poñer un gabanciño forrado de plumón de rula.

3. Características da linguaxe literaria

A linguaxe literaria caracterízase e distínguese da linguaxe discursiva polos seguintes trazos básicos:

- **A selección dos significantes en función das impresións e dos sentimentos que se queren espertar no receptor.** Tal selección permite que os textos literarios non soamente transmitan unha información, senón que, ademais, provoquen no receptor determinadas impresións ou esperten nel certos sentimentos: rapidez, lentitude, monotonía, ritmo; serenidade, equilibrio, inquietude, angustia...etc.
- **O emprego sistemático de recursos estilísticos** que teñen por obxecto realzar os significantes, engadir elementos significativos novos e darlle maior expresividade á mensaxe.

Ambos os trazos -selección dos significantes e emprego sistemático de recursos estilísticos- tenden a potenciar o valor suxestivo da palabra, é dicir, o significado connotativo, aínda en prexuízo do significado obxectivo ou significado denotativo.

Así pois, na linguaxe literaria predomina a connotación, os valores expresivos das palabras, tal como podemos comprobar no texto de Cunqueiro sobre Aviñón. En cambio, na linguaxe discursiva, as palabras elíxense atendendo sobre todo ao seu significado denotativo ou obxectivo, como vemos no artigo de Aviñón do dicionario enciclopédico.

4. Formas da linguaxe literaria: prosa e verso

Un texto de carácter literario pode estruturarse en prosa ou en verso.

- Os elementos que compoñen **unha mensaxe en prosa** -pausas, número de sílabas de cada grupo fónico, posición dos acentos no interior de tales grupos fónicos, sons, esquemas oracionais, ideas...etc.- distribúense de forma irregular, non están sometidos a un ritmo especial:

O señor Merlín, asegún se sabe polas historias, era fillo de solteira e de nación allea, e veu herdado para Miranda por unha tía segunda por parte de nai; pero facía disto tanto tempo que ninguén se lembraba do feito. Só unha vella camareira de Quintas facía algo de memoria de que, sendo nena, levárona ó enterro dunha señora a Miranda, e tralo crego de Reigosa, que cantaba moi ben, ía don Merlín vestido de negro, agás unha gran bufanda colorada, e xa daquela tiña mi amo a barba branca.

A. Cunqueiro

- Os elementos que compoñen unha **mensaxe en verso** distribúense total ou parcialmente de forma regular, de xeito que se repiten creando un ritmo que percibimos ao escoitar a mensaxe. É ese ritmo o que caracteriza toda mensaxe composta en verso; ao escribila, facémolo adoptando a especial disposición en liñas partidas propia das mensaxes en verso:

*Montouto, montaña fría:
a auguiña que nela nace
¡que boas rapazas cría!*

A. Noriega Varela

5. Principais recursos estilísticos

- Algúns recursos estilísticos non supoñen unha alteración lingüística, senón que funcionan a nivel lóxico ou de pensamento. Por este motivo, estudarémolos como recursos de carácter lóxico.
- Outros recursos, en cambio, teñen carácter lingüístico: hainos que afectan á forma das palabras ou á construción dos enunciados e hainos que afectan aos significados das palabras ou do texto. Por iso, estudarémolos atendendo aos tres niveis que existen no estudio da lingua: **nivel fónico**, **nivel gramatical** e **nivel semántico**.

5.1. Recursos de carácter lóxico

- **Hipérbole.** Consiste nunha esaxeración que obedece a unha finalidade emocional ou burlesca.

Cantaban tódalas aves do mundo na ramallosa florida, cada unha na súa torda e todas no latín que non se depende.

Méndez Ferrín

- **Prosopopea.** Consiste en atribuír a seres inanimados calidades propias dos seres animados, ou atribuír a seres animados calidades propias do home. Neste último caso denomínase tamén **personificación**.

A vendima aturuxaba no val do Avia. R. Otero Pedrayo



- **Antítese.** Consiste en contrastar dúas realidades co fin de realzalas.

*Maio longo..., maio longo
todo cuberto de rosas,
para algúns telas de morte,
para outros telas de vodas. Rosalía de Castro*

- **Paradoxo.** Consiste na aparente contradición lóxica entre dúas ideas ou sentimentos.

*Algúns ricos entérranse ó pobre,
e algúns pobres ó grande se enterran Rosalía de Castro*

- **Ironía.** Consiste en expresar o contrario do que se di ou en admitir como certa unha proposición falsa con intención burlesca.

*Ós homes quérolles ben:
allalos e pementalos*

e frixilos na sartén Popular

Cando a ironía é cruel e ofensiva denomínase **sarcasmo**.

- **Gradación.** Consiste na enumeración de emocións ou de conceptos nunha orde progresiva. Tamén recibe o nome de **clímax**.

*Van pensando mil cousas femíneas,
molentes e infames. E. Pondal*



- **Comparación.** Consiste na presentación de dúas realidades, entre as que se establece unha relación de semellanza ou de diferenza.

*O vento do Norte, frío e seco coma unha coitela. X.
L. Méndez Ferrín*

5.2. Recursos de carácter fónico

- **Paronomasia.** Consiste en contrapoñer palabras que teñen significados distintos, pero sons semellantes.

¡Vou morrer e non vén o meu ben! M. Curros Enríquez

- **Aliteración.** Consiste na repetición de sons co fin de provocar certos efectos ou de imitar algún son da natureza. Así, nestes versos rosalianos, a reiteración da consoante s lembra o bisbar dos rezos en voz baixa nunha igrexa.

*Coma pantasmas cruzan as naves
Silbando salves e padrenuestros
vellos e vellas que a Dios lle piden
El tan so sabe cáles remedios. Rosalía de Castro*



- **Onomatopea.** Consiste na imitación de sons ou ruídos. Con frecuencia, a onomatopea conséguese mediante a repetición de sons, é dicir, por medio dunha aliteración.

As ponlas do souto facían cra cra R. Otero Pedrayo

5.3. Recursos de carácter gramatical

- **Epíteto.** É un adxectivo que ten unha función estilística, xa que remarca unha calidade inherente do substantivo ao cal acompaña. É dicir, é unha característica que lle é propia sempre ao substantivo do que se fala.

A dama que ía no branco cabalo (...)

Álvaro Cunqueiro

- **Anáfora.** Consiste na repetición dunha ou de varias palabras ao comezo de varios versos ou de varios enunciados.

*por ollos ten dous luceiros,
por dentes, pelras dos mares,
por greñas, raios solares,
por risa... un amañecer.* M. Curros Enríquez

- **Reduplicación.** Consiste na repetición contigua de elementos.

*Subo enriba dos outeiros
Lixeiriña, lixeiriña...* Rosalía de Castro

- **Asíndeto.** Consiste na supresión de conxuncións. Con este procedemento, o enunciado adquire rapidez e viveza.

*Entrou o tío, fatelo negro, tempas afundidas, mans cruzadas sobre o
paraugas, consellos, lembranzas, a dureza da vida e un programa de
humildeza.*

R. Otero Pedrayo

- **Polisíndeto.** Consiste no uso expresivo da conxunción entre todos os elementos dunha coordinación. Dálle lentitude ó enunciado.



*Cantádeme un maio
sin bruxas nin demos;
un maio sin segas,
usuras nin preitos,
sin quintas, nin portas,
nin foros, nin cregos.*
M. Curros Enríquez

- **Hipérbato.** Consiste na alteración da orde normal das palabras no enunciado. É un recurso moi empregado por poetas latinizantes, como Pondal.

Do alegre maio unha alborada fresca. Rosalía de Castro

5.4. Recursos de carácter semántico

- **Metonimia.** Consiste en designar un concepto ou un obxecto cunha palabra que garda con el unha relación de causa ou efecto, de continente a contido, de lugar de procedencia á cousa que de alí procede, etc.

*Fun ó Ribeiro por viño
e emborrachoume unha nena.
Non quero máis do ribeiro
que inda me doe a cabeza.* Popular

- **Sinécdoque.** Consiste en designar unha parte dunha persoa ou obxecto co nome do todo, ou viceversa. En realidade, a sinécdoque é un tipo de metonimia.
- **Metáfora.** Consiste en substituír un elemento por outro en razón da semellanza entre eles. O termo figurado empregado, chamado *vehículo* (A), substitúe ao termo real aludido, chamado *tenor* (B) debido á coincidencia de semas. Coma tal, en *Na cara tiña dous carbóns* o vehículo *carbóns* (A) substitúe a *ollos* (B) a partir da semellanza entre os ollos negros e os carbóns. Cando B non aparece no texto, estamos ante unha metáfora pura; pola contra, se coexisten A e B hai **metáfora impura** e denomínase **imaxe**:

O ceo de agosto era un manto corcosido de diamantes e unha festa de luminarias. X. L. Méndez Ferrín

A metáfora pode estar lexicalizada e pasar a ser de uso corrente (*ollo de agulla*) e entón chámase *catacrese*. En cambio, a metáfora que se basea nunha relación subxectiva chámase *metáfora visionaria*.

- **Sinestesia.** Consiste no cruzamento e fusión de impresións que se perciben por sentidos distintos:

Un silencio de lazo tomou corpo en Lobosandaus. X. L. Méndez Ferrín

- **Alegoría.** Consiste nun conxunto de metáforas relacionadas entre si que lle dan a un texto un sentido real e outro figurado. As fábulas, por exemplo, son alegorías, posto que cada elemento ten, ademais do seu valor real, un valor metafórico que lle dá ao conxunto un dobre significado: o que o autor realmente di e o que quere dicir.
- **Símbolo.** Consiste en suxerir unha realidade ou un concepto mediante outra cousa. Así, a cruz simboliza o cristianismo, a balanza simboliza a xustiza e unha pomba simboliza a paz. Agora ben, a diferenza do que ocorre na metáfora, a cruz, a balanza e a pomba, á vez de simbolizaren outra cousa, conservan o seu significado orixinal.

6. Versificación

Outra característica do texto lírico é a súa organización espacial ou construción interna, que vén dada pola distribución do texto en versos e estrofas.

Chamamos **verso** a cada unha das **liñas** nas que está distribuído un texto poético.

Na lectura do texto lírico, faise unha **pausa** ao final de cada verso.

Esta distribución do texto poético en **versos** busca acadar **ritmo e harmonía**.

Lembra que a lírica naceu apoiada na música e o seu carácter rítmico se mantén no decurso do tempo.

Os versos dunha composición poética poden ser **regulares e irregulares**.

- **Versos regulares** son aqueles que manteñen o mesmo número de sílabas.

- **Versos irregulares** son aqueles nos que o número de sílabas é desigual.

Exemplo de poema construído con **versos regulares**:



*Tanto te escondiche, sol,
que a duras penas te vexo;
mais inda un raio che pido,
rei da luz, ¡o derradeiro!,
pra que se rían os montes
e se alegren os penedos.*

A. Noriega Varela

Exemplo de poema construído con
versos irregulares:

CANZÓN PRA QUE UN NENO NON DURMA Ao meu gran amigo Piñeiro

*Non durmas
meu neno pequeno...
Bule, berra, chora.
Teu pai está fóra.
Racha cos pés
esta sábena
de medo.
Non peches os ollos
neno pequeno.
O vento zoa,
non peches os ollos.
A morte
rolda por fóra.
Vexo o río mouro
e unha folla morta.
Bule, berra, chora.
Teu pai está fóra.*
Luís Pimentel



6.1. Métrica. Medida dos versos

Para contar as sílabas dos versos hai que ter presente que a sílaba poética non é a sílaba gramatical. A sílaba poética ten que ver coa fonética, cos sons. Segundo isto, para medir as sílabas dos versos hai que ter en conta dous aspectos: **o último acento do verso** e **as licenzas métricas**.

O último acento do verso

Segundo **o último acento do verso** hai que considerar:

Se o verso remata en **palabra aguda**, contarase unha sílaba máis:

*Quixera bañar (5+1) 6
o meu corazón (5+1) 6
no fondo lirismo 6
dun raio de sol (5+1) 6*

Luís Amado Carballo

Se o verso remata en palabra esdrúxula, contarase unha sílaba menos:

*Nena que nesa fontíña 8
queres encher a túa cántara (9-1) 8*
Manuel Curros Enríquez



Se o verso remata en palabra grave o número final de sílabas non varía:

*A dos toxos feridores, 8
e das rosas velaíñas, 8*

.....
Ramón Cabanillas

Licenzas métricas

Son fundamentalmente tres: **sinalefa**, **diérese** e **sinérese**.

A sinalefa: Cando dentro do verso unha palabra remata en vogal e a seguinte comeza por vogal, pódense unir formando unha soa sílaba métrica:

Miña alma, sen lei, vive salvaxe
Aquilino Iglesia Alvariño
Mi-ñaal-ma-sen-lei-vi-ve-sal-va-xe
1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
(sinalefa)

A diérese: Cando dúas vocais dunha mesma palabra forman ditongo (unha mesma sílaba), pódense partir en dúas sílabas métricas:



*Campanas de Bastabales 8
cando vos **oio** tocar (7+1) 8
mórrome de **soidades**. 8*

Rosalía de Castro

A sinérese: Cando nunha palabra do verso dúas vogais forman hiato (dúas sílabas diferentes), pódense unir formando unha soa sílaba métrica:

*ben se adiviña que choras 8
no longo das **túas** pestanas... 8*
Manuel Curros Enríquez

Clasificación dos versos segundo o número de sílabas

Segundo o número de sílabas os versos poden ser:

- **bisílabos** (dúas sílabas)
- **trisílabos** (tres sílabas)
- **tetrasílabos** (catro sílabas)
- **pentasílabos** (cinco sílabas)
- **hexasílabos** (seis sílabas)
- **heptasílabos** (sete sílabas)
- **octosílabos** (oito sílabas)
- **enneasílabos** (nove sílabas)
- **decasílabos** (dez sílabas)
- **hendecasílabos** (11 sílabas)
- **dodecasílabos** (12 sílabas)
- etc.

Dentro desta clasificación segundo o número de sílabas, diferenciamos entre versos de arte menor e versos de arte maior:

- **Versos de arte menor**, son aqueles que teñen **oito sílabas ou menos**. Representáanse cunha letra minúscula.
- **Versos de arte maior**, son aqueles que teñen **máis de oito sílabas**. Representáanse cunha letra maiúscula.

6.2. A rima

A **rima** é un dos recursos clásicos do xénero lírico que reforza o seu carácter harmónico e musical. Consiste na **repetición dos sons finais dos versos a partir da última vogal acentuada**.

Nos tempos antigos este recurso servía tamén para fixar na memoria as composicións poéticas que eran cantadas ou declamadas. Na actualidade, cando o achegamento ao texto poético se fai fundamentalmente a través do libro, este recurso non é moi utilizado polos poetas.

A rima pode ser de dúas clases: **consonante** ou **asonante**.

- **Rima consonante ou total**, prodúcese cando se repiten **todos os sons** (vocálicos e consonánticos) a partir da última vogal acentuada:



*¡Galicia! ¡Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lonxe; onte, agora,
mañá...na vida e na morte!*

Ramón Cabanillas

- **Rima asonante ou parcial**, prodúcese cando soamente se repiten os sons vocálicos a partir da última vogal acentuada:

*Cando maxino que es **ida**
no mesmo sol te me **mostras**
e eres a estrela que **brilla**
e eres o vento que **zoa***

Rosalía de Castro

6.3. A estrofa

Os versos aparecen na composición poética agrupados en unidades superiores chamadas **estrofas**. Cada estrofa vén caracterizada polo número de versos que a compoñen, o número de sílabas que teñen estes versos e a maneira como riman entre eles.

Clases de estrofas

Segundo o número de versos e a súa estrutura interna, as estrofas clasifícanse do seguinte modo:

Estrofas de dous versos:

Pareado: Estrofa de dous versos que riman entre si. Pode ser de arte maior ou menor. A rima pode ser consonante ou asonante. O seu esquema estrófico é: **A,A / a,a/ A,a/ a,A**

Exemplo de pareado:

*¡Ai, as garnidas estrelas saudosas **A**
da frol da chuviña, das témperas rosas! **A**
Pura Vázquez*

Estrofas de tres versos:

Terceto: Estrofa de tres versos de arte maior que riman o primeiro co terceiro e o segundo queda solto. A rima é consonante. O seu esquema estrófico é: **A, -, A**

Exemplo de terceto:

*Meu corazón, inmensamente triste, **11A**
estalou de ternura, transfundindo **11 -**
seu profundo sentir a canto existe. **11A**
A. Iglesia Alvaríño*

Tercetiña: Estrofa de tres versos de arte menor na que riman o primeiro co terceiro e o segundo queda solto. A rima pode ser consonante ou asonante. O seu esquema estrófico é: **a, -, a**

Exemplo de tercetiña:

*Mes de xaneiro. Vai frío. **8a**
Tremen as árbores despidas. **8 -**
A lúa chove no río. **8a***

A. Iglesia Alvaríño

Estrofas de catro versos:

Cuarteto: Estrofa de catro versos de arte maior na que riman o primeiro co cuarto e o segundo co terceiro. A rima é consonante. O seu esquema estrófico é: **A, B, B, A**

Exemplo de cuarteto:

*Aquil mozo que fun vai no retrato 11A
como afogado morto fuxidío. 11B
Se ollo ese mozo venme un arripío 11B
como se ollase un témero burato. 11A*
Antón Tovar

Serventesio: Estrofa de catro versos de arte maior na que riman o primeiro co terceiro e o segundo co cuarto. A rima é consonante.

O seu esquema estrófico é: **A, B, A, B**

Exemplo de serventesio:

*Mas se todo termina, que sentido 11A
ten producir produto que termine 11B
Que vento nos arrastra no pruído 11A
de cobrir um caminho que non fine? 11B*
Ricardo Carvalho Calero

Redondilla: Estrofa de catro versos de arte menor na que riman o primeiro co cuarto e o segundo co terceiro. A rima é consonante.

O seu esquema estrófico é: **a, b, b, a**

Exemplo de redondilla:

*Cóntalle, miña cousiña, 8a
Contiños tristes de fadas 8b
E de reinas encantadas 8b
Nos castros, á ialma miña. 8a*
A. Iglesia Alvariño

Cuarteta: Estrofa de catro versos de arte menor na que riman o primeiro co terceiro e o segundo co cuarto. A rima é consonante.

O seu esquema estrófico é: **a, b, a, b**

Exemplo de cuarteta:



*Non canta na Chá ningún. 8a
Por eso o meu carro canta. 8b
Canta o seu eixo tan ben 8a
que a señardade me espanta. 8b*
Manuel María

Copla: Estrofa de catro versos de arte menor na que riman entre si o segundo co cuarto e quedan soltos o primeiro e o terceiro. A rima é asonante.

O seu esquema estrófico é: **-, a, -, a**

Exemplo de copla:



*Adiós, ríos; adiós, fontes; 8 -
adiós, regatos pequenos; 8a*

*adiós, vista dos meus ollos: 8 -
non sei cándoo nos veremos. 8a*

Rosalía de Castro

Estrofas de cinco versos:

Quintilla: Estrofa de cinco versos de arte menor na que riman o primeiro co terceiro e co quinto, e o segundo co cuarto. A rima é consonante.

O seu esquema estrófico é: **a, b, a, b, a**

Exemplo de quintilla:

*Adiós, adiós, que me vou, 8a
herbiñas do camposanto 8b
donde meu pai se enterrou, 8a
herbiñas que biquei tanto, 8b
terriña que nos criou. 8a*

Rosalía de Castro

Lira: Estrofa de cinco versos na que se combinan hendecasílabos (11 sílabas) e heptasílabos (7 sílabas). Riman o primeiro co terceiro e co quinto e o segundo co cuarto. A rima é consonante.

O seu esquema estrófico é: **11A, 11B, 7a, 7b, 11B.**

Exemplo de lira:

*A fronte nos silenzos anunciada 11A
que en flamas coronei i en reiseñores 11B
a boca resgatada 7 a
os ollos feridores 7 b
que eu espertei pra bágoas e solpores 11B*

E. Blanco Amor

Estrofas de seis versos:

Sexteto: Estrofa de seis versos de arte maior na que riman o primeiro co terceiro e co quinto, e o segundo co cuarto e co sexto. A rima é consoante.

O seu esquema estrófico é: **A, B, A, B, A, B**

Exemplo de sexteto:

*A sombra revoa máis, cada vez, baixa 12A
coma as anduriñas e morcegos cegos 12B
No lombo dos castros, ó lonxe, unha faixa 12A
de lume. Na rúa sombrisa, dous cregos 12B
a voz da campá que querendosa baixa 12A
e unha vella, en loito, refugando pregos 12B*

Manuel Antonio

Sexteta: Estrofa de seis versos de arte menor na que riman o primeiro co terceiro e co quinto, e o segundo co cuarto e co sexto. A rima é consonante.

O seu esquema estrófico é: **a, b, a, b, a, b**

Exemplo de sexteta:

Tamén hei comprar xabrón 8a
e unha cartilla de aceite 8b
mais ¡ai! dou un tropezón 8a
¡Adiós figa, adiós pieite! 8b
¡Dios mío! ¡Que compasión! 8a
¡Adiós adrezo, adiós leite! 8b

Francisco Añón

Copla de pé crebado: Estrofa de seis versos de arte menor na que o primeiro, segundo, cuarto e quinto versos son octosílabos (oito sílabas), e o terceiro e o sexto son tetrasílabos (catro sílabas). A rima é consonante e riman o primeiro co terceiro, o segundo co cuarto e o terceiro co sexto.

O seu esquema estrófico é: **8a, 8b, 4c, 8a, 8b, 4c**

Exemplo de copla de pé crebado:

Xornaleiro que aforrache 8a
máis que toda a freguesía, 8b
traballando 4c
que de teu a ter chegache 8a
unha terra regantía, 8b
carro e gando. 4c

M. Curros Enríquez

Estrofas de oito versos:

Oitava real: Estrofa de oito versos de 11 sílabas (hendecasílabos) na que riman o primeiro co terceiro e co quinto, o segundo co cuarto e co sexto; e o sétimo co oitavo. A rima é consonante.

O seu esquema estrófico é: **A, B, A, B, A, B, C, C**

Exemplo de oitava real:



Sí, eu cántovo-la vida no pasado; 11A
que outros canten a vida no futuro: 11B
eu dun tesouro sei que está olvidado 11A
e pra sacalo á lus a terra furo. 11B
Si o tempo é sempre o mesmo, i agarrado 11A
vai o presente ó que pasou, seguro, 11B
podía ser, ben na vila ben na aldea, 11C
que útil pra moitos o meu canto sea. 11C

M. Curros Enríquez

Estrofa de dez versos:

Décima: Estrofa de dez versos octosílabos (8 sílabas). A rima é consonante.

O seu esquema estrófico é: **a, b, b, a, a, c, c, d, d, c**



Exemplo de décima:

*Na miña terra, unha moza, 8a
pra coas xentes se levar, 8b
ten que barrer, cociñar, 8b
rezar, fiar e ir á roza. 8a
A folgazana non goza 8a
de sona, nin lado ten; 8c
fóxenlle os homes de ben, 8c
mora en cabaña sin tella 8d
e morre solteira e vella 8d
sin que a encomende ninguén. 8c*

M. Curros Enríquez

Estrofa combinada:

O soneto: É unha composición de catorce versos hendecasílabos (11 sílabas) que está formada pola combinación de dous **cuartetos** e dous **tercetos**. O seu esquema estrófico é: **A,B,B,A A,B,B,A C,D,C D,C,D** (Os tercetos poden ofrecer outras variantes).

Exemplo de soneto:

*Cando esperare é ser onda de río 11A
que corre, e bule, e vai , e pasa e ruxe, 11B
e, de pedriña en pedra, á tentas fuxe 11B
e se desvive, ó cabo, fío a fío. 11A*

*Cando esperare é ser, nun travesío 11A
roda vella que xa come a ferruxe, 11B
sen treitoria nin eixe que a arrempuce, 11B
ó vento, ó sol, á chuva, á neve, ó frío. 11A*

*Cando esperare é ser són de goteira 11C
nunha casa sin lume, desgonzada, 11D
e herbas tristes salindo da fumeira. 11C*

*Cando esperar é ser aira queimada, 11D
ala que se quebrou, terra valeira, 11C
muíño que non moi, auga pasada... 11D*

A. Iglesia Alvaríño

Estrofas dun número indeterminado de versos:

O romance: Estrofa formada por un número variable de versos octosílabos (oito sílabas) na que riman entre si os versos pares e quedan soltos os impares. A rima é asonante. O seu esquema estrófico é: **-, a, -, a, -, a, ...**

Exemplo de romance:



*Deste val no medio e medio 8 -
entre edras e musgo envoltas, 8a
ergue as torres un castelo, 8 -
feito alá n'eras remotas 8a
de pedra de sillería, 8 -
cáseque co tempo roxa. 8a
Como este antigo edificio 8 -
outro non hai, según contas, 8a
pois diz que foi levantado 8 -
por unha princesa moura 8a
desdes da posta do sol 8 -
hastra a saída da aurora; 8a*

.....
M. Curros Enríquez

A silva: Estrofa formada por un número indeterminado de versos heptasílabos (de sete sílabas) e hendecasílabos (de once sílabas). A rima é asonante. Non teñen un esquema estrófico fixo e mesmo poden quedar versos soltos.

Exemplo de silva:

*Anque me apoupen, anque 7a
a porta se me atranque, 7a
teño de entrar na irexa do convento. 11B
¡Que estou escomulgado! Millor, ea. 11C
Quen hoxe non o estea 7c
non merece da pátreas acatamento. 11B*

M. Curros Enríquez

Poema de versos libres:

Na poesía actual a maioría das composicións poéticas están escritas utilizando **versos libres**, que son versos que carecen de rima, tampouco teñen medida e non forman estrofa. O uso destes versos supón unha ruptura coas formas métricas tradicionais.

Exemplo de poema construído con versos libres (fragmento):

FAR BLUES
*Naquela cidade
onde unha rapaza escribía un diario secreto
na noite
mentres o soño desvalido semellaba finxir
silencios compartidos
nesa vella cidade do norte
o primeiro poema de amor flutuaba
coma un blues nostálxico
na noite.
(...)*

Luz Pozo Garza

7. Os xéneros literarios

O xénero literario é cada unha das modalidades básicas a que se axustan as obras literarias de acordo coa estrutura e cos temas.

Desde a literatura clásica, cuns xéneros literarios ben fixados e que todos os autores seguían **-lírica, épica e teatro-**, ata a literatura actual pasaron moitos séculos de innovacións literarias que ocasionaron que se esvaecesen as claras fronteiras entre os xéneros clásicos e tamén a aparición de xéneros novos.

Para algúns teóricos da literatura, a división en xéneros deixou de ter capacidade normativa e, xa que logo, carece de sentido. Para outros, en cambio, aínda é útil servirse dela. Pero hai que partir dunha proposta que teña en conta a complexidade das obras literarias actuais e as conseguíntes modificacións na tipoloxía dos xéneros.

Combinando os tres xéneros clásicos coas innovacións posteriores podemos facer a seguinte clasificación dos xéneros: a lírica, a épica-narrativa, o teatro e o ensaio.

7.1. A lírica

Nas obras deste xénero, o autor expresa os sentimentos e as experiencias da súa intimidade dirixidos á súa propia intimidade ou á intimidade do receptor.

Aínda que normalmente a lírica vai unida ao uso do verso -e actualmente, cando falamos de poesía queremos dicir poesía lírica-, modernamente tamén se ten feito uso da prosa e hai moitos autores que escriben *poemas en prosa*.

7.2. A épica-narrativa

Englobamos no xénero da épica-narrativa todas as obras, en verso ou en prosa, construídas como o relato dunha historia -serie de acontecementos encadeados temporalmente- feito por un narrador para un narratario ou receptor.

Aínda que antigamente non era así, na actualidade a epopea e a poesía épica van unidas ao uso do verso, e a novela, a novela curta o conto, ao uso da prosa.

As principais **formas** que pode adoptar o xénero da épica-narrativa son:

- **A epopea e a poesía épica.** Son relatos en verso de acontecementos de grandeza heroica. Por exemplo, a *Ilíada* e a *Odisea* do poeta grego Homero, a francesa *Chanson de Roland* e, en galego, *Os Eoas* de Pondal.
- **A novela.** Relato en prosa, cunha extensión considerable, dunha historia de ficción, é dicir, inventada; xeralmente, a narración combínase con descrições e con diálogos e a acción desenvólvese en torno a un ou a varios personaxes.
- **A novela curta.** Relato en prosa dun suceso de ficción. Ten unha extensión menor cá novela e non pretende a elaboración dun mundo tan complexo coma aquela, senón que adoita centrarse nunha acción concreta.
- **O conto.** Relato breve, en prosa, dunha historia de ficción. A diferenza da novela, céntrase máis na estrutura, que se caracteriza pola súa sinxeleza e linealidade, e menos na elaboración de personaxes complexos.

7.3. O teatro

Pertencen ao teatro aquelas obras en que a historia de ficción é representada por unha serie de actores e actrices que asumen de forma directa -sen a función rexedora do narrador- os seus parlamentos diante dun público.

As obras teatrais utilizan o verso ou a prosa, aínda que a tendencia actual é usar esta última.

As **formas** máis importantes do teatro son:

- **A traxedia.** Obra en que se presenta unha historia transcendental vivida por personaxes importantes que son levados a unha desgraza pola forza onnipotente do destino. A traxedia clásica e a neoclásica (nos séculos XVII e XVIII) definiron e asumiron a regra das tres unidades.
 1. *Unidade de acción:* a obra ten que se centrar no tema principal e non debe introducir accións secundarias que a afasten deste tema.
 2. *Unidade de espazo:* a obra debe transcorrer no mesmo lugar, como máximo na mesma cidade.
 3. *Unidade de tempo:* o tempo da historia representada non debe superar un día.
- **A comedia.** Obra en que, a diferenza da traxedia, a historia non adopta un

ton transcendente ou solemne, o conflito resólvese con humor e ten un final feliz. Podemos destacar nela dous subxéneros:

- A *alta comedia*. Comedia que presenta historias ambientadas no medio social burgués e poboadas por personaxes desa clase. Céntrase principalmente na temática amorosa.
- O *sainete*. Comedia breve de ton humorístico e de ambiente xeralmente popular.
- **O drama ou traxicomedia**. Obra que comparte características da traxedia e da comedia. Naceu en Francia durante o século XVIII e foi definida como a *traxedia doméstica e burguesa*. En efecto, a historia céntrase na vida cotiá e próxima ao espectador e os personaxes deixan de estar impelidos pola forza cega do destino, que é substituída polos condicionantes sociais e de carácter.

Un tipo especial de drama é o *melodrama*, que presenta unha historia de esaxerada sentimentalidade, personaxes moi planos ou esquemáticos (o protagonista bo, o opoñente malvado, a rapaza pura e boa, etc.) e unha escenografía destinada a sorprender ao espectador coa aparatosidade e os trucos.

- **O teatro lírico ou musical**. Son obras en que intervéñen decisivamente a música. Dentro del podemos citar estas manifestacións:
 - A *ópera*: tódolos diálogos dos actores son cantados.
 - A *opereta*, a *zarzuela* e a *revista*: soamente unha parte dos diálogos é cantada.

7.4. O ensaio

O xénero do ensaio inclúe obras en prosa de contido didáctico e non de ficción, en que se unen o obxectivo pedagóxico ou investigador e o estético ou de creación literaria. As obras de ensaio poden tratar unha gran diversidade de temas: sociais, filosóficos, históricos, políticos, relixiosos, científicos, etc.

Algunhas das **formas** que pode presentar este xénero son: a confesión, o diario íntimo, a biografía, o diálogo, as máximas, as glosas, as memorias, etc.